



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000012

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e trinta minutos, do día cinco de abril de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria para celebrar sesión extraordinaria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 174 de data 04 de abril de 2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Alejandro Antonio García Sousa.

Non asiste e excusa a asistencia, dona Jessica Sabín Fernández.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 30. 03.23 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 30.03.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á mesma).

2º.- EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE OBRA: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERÍAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO”. REFERENCIA 2023/C008/000003.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local, tomando ésta razón de informe de fiscalización emitido pola interventora municipal en data 29.03.23 (Referencia nº EMP 35/2023).

Vista a tramitación do expediente de resolución do contrato referido, a **Xunta de Goberno local**, en votación ordinaria e unanimidade dos presentes, **RESOLVE**:

Primeiro.- Constando no expediente informe da secretaría de carácter procedimental, solicítase agora informe xurídico no que se recolla pronunciamiento sobre a existencia de causa de resolución do contrato.

Segundo.- Dar traslado ao contratista dos informes antes citados e darlle novamente AUDIENCIA polo prazo de DEZ DÍAS NATURAIS e igualmente e polo mesmo prazo ao avalista (AFIGAL) para que se o desexan formulen as alegacións que consideren convintes.

Terceiro.- Rematado o prazo de audiencia, emitase certificado de secretaría municipal sobre o resultado da audiencia (presentación de alegacións) e dése traslado das mesmas, así coma da presentada anteriormente (registro entrada municipal 202399900000540) ao técnico director de obra, á secretaria e á intervención municipal para a emisión dos correspondentes informes.

3º.- SOLICITUDE DE PASO PERMANENTE DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS: ACCESO A FINCAS E GARAXES PRIVADOS, SOLICITADA POR D. JOSÉ CLAUDIO AGULLO GARCÍA.-

Proposta de Alcaldía:

“Expte.- 2023/V008/000003

Proposta de Alcaldía:

“Visto o escrito de data 30.03.23 (registro entrada 20230000000986), presentado por don [REDACTED] de petición de autorización de paso permanente, á finca/inmuble da súa propiedade, ubicada na [REDACTED] parroquia e termo municipal de Valdoviño, para acceso a fincas e garaxes privados a través das beirarrúas.

Considerando o informe do Oficial da Policía Local, de data 31 de marzo de 2023, no que se sinala que practicadas as correspondentes comprobacións, que dito inmuble que se localiza na [REDACTED] Valdoviño ten acceso rodado cara o interior do mesmo, dende o vial de titularidade municipal que se denomina rúa Coruña, e que se identifica no inventario de viais co número de activo 1C.6.0103; que o espazo de reserva de via pública para paso permanente de acceso á finca será de catro metros (cara ao citado vial) e conclúe o seu informe indicando que referente a normas de tráfico, non se aprecia impedimento á concesión da autorización solicitada.

/Acompañase ao dito informe dúas fotografías e plano de situación/.

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garaxes destinados a vivienda unifamiliar.-
- 55 Señalización:- 1.- *Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:*

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que a Lei lle confire, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Acceder á petición de don [REDACTED] DNI ***5939** **outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca/inmoble da súa propiedade ubicada na rúa Coruña**, , que figura co número 11, na parroquia e termo municipal de Valdoviño; **cunha reserva de 4 metros -AUTORIZACIÓN NÚM. 45** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros e setenta e seis céntimos (**14,76€**); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Policía Local para os efectos oportunos, así como ó interesado para a súa debida constancia e recollida da autorización municipal.

/Documento que asina o sr. Alcalde na marxe esquerda do mesmo/”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros), acordou a súa aprobación.

4º.- APROBACIÓN DE FACTURAS F/2023/10. OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 04/2023.-

EXPEDIENTE N°: 2023/X999/000019

PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 04/2023

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitiuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 04/2023 (EMP 4/2023) con data 23/03/2023 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo

que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

Natureza do gasto	Gastos incluídos na relación de facturas F/2023/10 (incorporada ao expediente)
Datos da relación de facturas	Comenza pola factura nº 0390 00Z306N0008379 de data 01/02/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077, por importe de 11.875,06 € e remata pola factura nº 0407 00Z306N0011427 de data 01/03/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077 por importe de 8805,84 €.
Nº e data de rexistro	Varios rexistros comprendidos entre o 04/02/2023 e o 03/03/2023
Organo xestor	Alcaldía
Importe	41.324,25 €
Organo competente	Alcaldía

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 23/03/2023 o seguinte:

“(..)

PRIMEIRO.- De conformidade co sinalado no artigo 213 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos, as obrigas e gastos de contido económico, e os ingresos e pagos que daqueles derívense, así como a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

No entanto, en materia de gastos, hai que ter en conta que, de conformidade co artigo 219 do RD 2/2004, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, fáganse efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

Polo tanto, calquera gasto distinto dos anteriores requirirá de informe do órgano interventor preceptivo e previo á aprobación do gasto, tal e como establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

SEGUNDO.- Tal e como dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, nos supostos nos que a función interventora fose preceptiva e se houbera omitido, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión.

En ningún caso a natureza deste informe terá o carácter de fiscalización, debendo poñer en coñecemento a omisión da función interventora con respecto á autoridade que iniciase aquel emitindo o mesmo tempo opinión respecto da proposta, a fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da entidade local decidir se continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Cando a omisión da función interventora se refire ás obrigas ou gastos cuxa competencia sexa do Pleno, o presidente da entidade local deberá someter a decisión do Pleno se continua o procedemento e as demais actuacións que no seu caso, procedan.

TERCEIRO.- De conformidade co sinalado no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno local – RCI-, o informe de omisión da función interventora deberá poñer de manifesto como mínimo os seguintes extremos:

- a) Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, polo menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ao que se imputa.
- b) Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, producíronse no momento en que se adoptou o acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais infrinxidos.
- c) Constatación de que as prestacións foron levadas a cabo efectivamente e de que o seu prezo se axusta ao prezo de mercado, para o que se terán en conta as valoracións e xustificantes achegados polo órgano xestor, que haberá de solicitar os asesoramentos ou informes técnicos que resulten precisos a tal fin.
- d) Comprobación de que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.
- e) Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializárase acudindo á vía de indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obrigación ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, so sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón.

CUARTO.- A esta intervención remitiuse en data 23/03/2023 proposta de alcaldía, ós efectos de recoñecemento da obriga e ordenar o pago por importe de 41.324,25 €, correspondente o importe total da relación de facturas nº F/2023/10 incorporada ao

expediente, e que comenza pola factura nº 0390 00Z306N0008379 de data 01/02/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077, por importe de 11.875,06 € e remata pola factura nº 0407 00Z306N0011427 de data 01/03/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077 por importe de 8805,84 €.

Con data 30/09/2022 finalizou o contrato de subministro eléctrico para instalacións eléctricas municipais superiores a 10KW segundo o acordo Marco para o suministro de electricidade en alta e baixa tensión de central de Contratación da FEMP. O prazo do contrato era por un ano e foi prorrogado por outra anualidade máis rematando o 30/09/2021. Atopámonos ante un servizo continuado no tempo e que non poden deixar de prestarse por ser necesarios e imprescindibles para poder cumprir co normal funcionamento desta Administración. Exposto o anterior e a clara necesidade de prestación deste servizo cómpre proceder á licitación ao tratarse dunha necesidade estrutural continuada no tempo, o que ademáis pode revertir nunha mellora do prezo por baixas nas ofertas das empresas interesadas en formar parte do procedemento de contratación.

Realizadas as oportunas comprobacións destacase o seguinte: **procedeuse a realizar os gastos, sen fiscalización da intervención municipal**, tal e como existe o art. 7.1 a) Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e o art. 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Polo tanto, o gasto descrito anteriormente foi disposto sen que se remitira a esta Intervención para o trámite de fiscalización e intervención previa, sendo o citado informe de Intervención preceptivo e previo.

QUINTO.- Do transcrito artigo do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI, hai que sinalar as seguintes consecuencias:

- a) Tendose omitido a fiscalización previa preceptiva, prodúcese a suspensión da tramitación do gasto, de tal maneira que non se pode recoñecer a obrigaón, nin tramitar o pagamento, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos que se dirá.
- b) Esta intervención remitira o presente Informe ás Autoridades que xestionaron o gasto, coa finalidade de que unido este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir se continua o procedemento ou non e demáis actuacións que no seu caso, procedan.
- c) O presente informe non ten natureza de fiscalización, polo que non é de reparo.
- d) A descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, como o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ao que se imputa detállase na relación de facturas nº F/2023/10 incorporada ao expediente:

Natureza do gasto	Gastos varios incluídos na relación de facturas F/2023/10 (incorporada ao expediente)
Datos da relación de facturas	Comenza pola factura nº 0390 00Z306N0008379 de data 01/02/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077, por importe de 11.875,06 € e remata pola factura nº 0407 00Z306N0011427 de data 01/03/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077 por importe de 8805,84 €.
Nº e data de rexistro	Varios rexistros comprendidos entre o 04/02/2023 e o 03/03/2023
Organo xestor	Alcaldía
Importe	41.324,25 €
Organo competente	Alcaldía

e) Respecto á exposición dos incumprimentos normativos, estos consisten en:

- A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer: cúmprese.

- Que os gastos ou obrigacións propóñense ao órgano competente para a súa aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación: consta.

- A competencia do órgano de contratación e en xeral do que pronuncie o acto administrativo, cando este órgano non teña atribuída a facultade de aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación que se trate: o órgano competente para a súa aprobación é a Alcaldía.

- Que os expediente de compromiso de gasto responden a gastos aprobados e, non seu caso, fiscalizados favorablemente. Así mesmo, nos expedientes de recoñecemento de obrigacións, que os mesmos responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente: **non consta fiscalización de Intervención dos gastos.**

- En relación seguintes prestacións subsumibles dentro do establecido no artigo 17 LCSP:

“Son contratos de servizos aqueles cuyo objeto son prestacións de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto de una obra o suministro, incluyendo aquellos en que el adjudicatario se obligue a ejecutar el servicio de forma sucesiva y por precio unitario.

No podrán ser objeto de estos contratos los servicios que impliquen ejercicio de la autoridad inherente a los poderes públicos.”

A tramitación deste tipo de gastos estaríase a realizar como se fose aplicable o procedemento previsto para os contratos menores do artigo 131.3 en relación co 118 LCS pero sen cumprir tampouco o marcado no relación aos expedientes dos contratos menores..
Artigo 131.3: ... “Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas establecidas en el artículo 118.”

Nembargante esta solución non é posible xa que, aínda que non se superasen os umbrais contitativos anuais establecidos para o contrato de servizos, a prestación do servizo

esténdese a un período superior ó anual, xa que en virtude do artigo 29.8 do devandito texto legal:

“8. Los contratos menores definidos en el apartado primero del artículo 118 no podrán tener una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga.”

Neste caso cómpre facer referencia aos informes de previos de Intervención, entre outros de data 21/08/2019, co seguinte tenor literal;

- *“A prestación do servizo de recollida e transporte de R.S.U, correspondente ao mes de xullo (factura F/2019/2053) emitida por FCC Medio Ambiente, S. A. cabe indicar en referencia a dito contrato que ten finalizado neste exercicio, sendo contemplado no contrato a posibilidade de prórroga (toda vez se tramitou como contrato de concesión de servizo público). Parece existir unha prórroga tácita, toda vez a prestación do dito servizo continúa a facerse pola mesma empresa. Xa se viña advertindo da obriga legal que estable a necesidade de adoptar un acordo formal polo órgano de contratación (neste caso o Pleno) de prórroga do contrato, polo que previamente debiera existir un informe que avalase a adecuada execución do contrato e o efectivo cumprimento do ofertado pola empresa (indicar que o contrato foi adxudicado con anterioridade a miña chegada, e polo tanto teño limitacións a fiscalización, pero cónstame que como criterio de selección valoráronse cuestións técnicas e melloras (criterios de valoración subxectivos) que terminaban compromisos varios por parte da empresa, entre outros os de aportación de diferentes medios materiais. A día de hoxe, pese as advertencias efectuadas anteriormente pola intervención municipal, non se ten procedido a efectuar un informe de cumprimento da oferta técnica, nin acreditación da efectiva execución das melloras, relevante tendo ademais en conta que chegou o prazo de remate para o contrato e que tiña que valorarse a concesión da prórroga do contrato. Igualmente de formalizarse a prórroga, debe deixarse constancia e aclarar que a mesma implica a nova aportación de melloras, o que debe quedar claro no expediente. Tamén me consta que existe unha petición da empresa de cesión de contrato, a unha nova sociedade do grupo que asume a rama de actividade vinculada a este contrato, e que aínda está sin resolver. Igualmente no mes de abril, correspondería tramitar expediente de modificación de precios do contrato que debiera ser aprobado polo Pleno Municipal. Indicar que non me consta que se teña tramitado nin resolto o expediente de prórroga, polo tanto existe a omisión de tramitación dun procedemento adecuado para que a entidade se manteña como adxudicataria, e tampouco consta que se teña evacuado informe algún ao respecto. Verifíquese cos servizos xurídicos si cabe a convalidación da dita omisión, tramitando e aprobando o expediente con posterioridade aos prazos nos que se debiera tramitar, aínda que a resposta sexa positiva, deberá constar os defectos atopados, toda vez a tramitación sempre se faría fóra do prazo que correspondería. Sinalar a estos efectos que en informes anteriores de fiscalización xa se fixo constar o seguinte;*

“Debe facerse referencia que a factura emitida por FCC- FOMENTO de construcciones y contratas S.A. que o dito contrato foi asinado o 25 de Marzo de 2011, como contrato de xestión de servizo público, na modalidade de concesión (aínda que a xuízo da que suscribe o risco do concesionario queda bastante diluído). O prazo do contrato establécese en oito anos dende a sinatura do contrato, polo tanto o prazo rematou en dita data. O contrato establece que o prazo establecido poderá prorrogarse por períodos de dous anos e ata o máximo que permita a LCSP, salvo denuncia expresa por algunha das partes , notificada polo menos tres meses antes do seu vencemento. Indicar que non consta nesta intervención municipal que fose notificada denuncia para proceder a non prorrogar o dito contrato, pero conforme se establece na normativa de contratación aplicable nesa data as

prórrogas non poderían ser nunca tácitas, logo tense obviado a tramitación do expediente de prórroga. A estos efectos a Lei 30/2007 de 30 de outubro establecía o seguinte no artigo 23.2 o seguinte;

“El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el periodo de duración de éstas y que la concurrencia para su adjudicación haya sido realizada teniendo en cuenta la duración máxima del contrato, incluidos los periodos de prórroga.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, salvo que el contrato expresamente prevea lo contrario, sin que pueda producirse por el consentimiento tácito de las partes.”

A estos efectos debe solicitarse aos servizos xurídicos que informen si é posible subsanar a falta da dita formalidade, en todo caso deberá emitirse informe de control ou de cumprimento do contrato, verificando o cumprimento da oferta presentada.

Advertir ademais que de prorrogar o contrato, tamén habería que tramitar expediente de revisión de prezos prevista no contrato.

Unha vez máis existe unha falta de planificación total da contratación, sinalar ademais que do exposto neste informe xa se ten advertido noutros.”

Téñase en conta que a prórroga dun contrato, no que se prevén investimentos importante, de non contemplarse investimentos novos, o equilibrio económico da prestación estaría roto a favor do contratista, que xa amorizou os investimentos realizados, e tería un maior beneficio, logo non sería adecuado.

Unha vez expirada a prórroga acordada polo órgano de contratación, e visto que seguiron prestándose servizos, non procede a prórroga tácita do contrato, debendo procederse a iniciar o correspondente procedemento de contratación (ó abeiro do establecido no artigo 131 LCSP a adxudicación realizarase ordinariamente mediante o emprego do procedemento aberto ou restrinxido) sen que sexa válido o emprego da contratación menor. Polo tanto, ditas facturas carecen de soporte contractual, xa que, por un lado, non sería de aplicación o contrato menor, conculcando o establecido no artigo 99.2 da Lei de Contratos do Sector Público, e por outro, non podería a prórroga tácita do contrato, dacordo cos arts. 29.2 LCSP e 23 TRLCSP (vixentes no momento de formalizar o contrato de 2011).

En virtude do anterior cómpre iniciar o correspondente procedemento de contratación (ó abeiro do establecido no artigo 131 LCSP a adxudicación realizarase ordinariamente mediante o emprego do procedemento aberto ou restrinxido) sen que sexa válido o emprego da contratación menor. Polo tanto, ditas facturas carecen de soporte contractual, superando a prestación do devandito servizo o período anual. A Lei de Contratos do Sector Público contempla que non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade, ou os relativos ó procedemento de adxudicación que correspondan, art. 99.2 LCSP.

Polo que se refire ó emprego da figura da contratación menor infórmase que, sen prexuízo dos supostos nos cales non se pode empregar dado o importe ó que ascenden anualmente ou a súa clara duración superior á anual, o contrato menor é contrario a dereito se o órgano de contratación, no momento de iniciar a tramitación deste contrato, ten coñecemento certo (ou debería telo se aplicase os principios de programación e de boa xestión) da necesidade de contratar unha prestación determinada de carácter ou natureza unitarios, perfectamente definida, cuxas características esenciais non van a variar de xeito substancial, que se teñen que levar a cabo necesariamente ano tras ano e que responden a unha necesidade

continuada no tempo, e, aínda así, tramítanse diferentes contratos menores e elúdense as normas de publicidade e procedemento (Informe 4/2010, JCCA Illas Baleares e Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid de 14 de xuño de 2013).

- f) Respecto á constatación de que as prestacións se levaron a cabo efectivamente e de que o seu prezo axústase ao prezo de mercado, solicítase expresamente ao Órgano Xestor do gasto que se pronuncie sobre ambos aspectos, ben polo seu coñecemento directo, ben porque solicítase os asesoramentos ou informe técnicos que resulten precisos a tal remate.
- g) Comprobase a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.
- h) Respecto da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos pronunciados con infracción do ordenamento, dependerá do informe que emita o Organo Xestor a que se refire o apartado f) anterior.

Tendo en conta o Informe emitido polo Órgano Xestor no que manifesta que se realizaron as prestacións correspondentes e que se axustan ao prezo de mercado, haberá que considerar que o importe da indemnización correspóndese co importe do gasto, polo que, segundo opinión desta Intervención, non sería necesario instar revisión do acto, sendo suficiente, a tenor do precepto transcrito, que o Alcalde acorde a indemnización polo importe do gasto.

- i) Por último lembrar que o acordo favorable do órgano competente non eximirá da esixencia das responsabilidades a que, no seu caso, houbese lugar.

O presente informe debe remitirse ás Autoridades dos Órganos e ao Alcalde para o seu coñecemento e que proceda, se así o estima conveniente, á convalidación dos efectos económicos deste.

É canto se ten a ben informar. Non obstante, esa autoridade, co seu superior criterio resolverá o máis conveniente para os intereses municipais.”

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non sería necesario, segundo o seu parecer, instar a revisión do acto, sendo suficiente que o Alcalde-Presidente resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación do gasto incluído na relación F/2023/10 por importe total de 41.324,25 €, incorporada ao expediente, e que está Integrada por tres facturas que comeza pola factura nº 0390 00Z306N0008379 de data 01/02/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077, por importe de 11.875,06 € e remata pola factura nº 0407 00Z306N0011427 de data 01/03/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077 por importe de 8805,84 €, produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses

xerais do municipio, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade os perxudicados dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a prestación dos servizos ou realización dos servizos mediante o xustificante de gasto incluído na relación nº F/2023/10 conformada polo Alcalde.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. En virtude do disposto no artigo 21.1 f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, así como nos artigos 185 e 186 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Polo que se expuxo, **PROPONSE:**

.PRIMEIRO.- Ordear que se leve a cabo a tramitación da relación de facturas sinalada, F/2023/10 de un xustificante de gasto, por importe total de 41.324,25 €, incorporada ao expediente, e que está integrada por tres facturas que comeza pola factura nº 0390 00Z306N0008379 de data 01/02/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077, por importe de 11.875,06 € e remata pola factura nº 0407 00Z306N0011427 de data 01/03/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077 por importe de 8805,84 €.

SEGUNDO.- Que se dea conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Asdo.- Alberto González Fernández
Alcalde do Concello de Valdoviño”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros), acordou a súa aprobación.

5º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE CULTURA: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DAS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DAS FESTAS PATRONAIS E POPULARES NO CONCELLO DE VALDOVIÑO DURANTE O ANO 2022.

En Valdoviño , pola Xunta de Goberno Local, a celebrar o día 5 abril de 2023,

PROPOSTA DO ACORDO:

Vistos os expedientes iniciados en virtude das solicitudes formuladas polas comisión de festas de distintas parroquias do Concello de Valdoviño correspondentes ao ano 2022 e á vista da documentación complementaria para a concesión de subvencions, presentada en relación á convocatoria AXUDAS AS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DAS FESTAS PATRONAIS E POPULARES NO CONCELLO DE VALDOVIÑO DURANTE O ANO 2022 convocadas con motivo da RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUVENCIÓNS CORRESPONDNETES AO PROGRAMA DE AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E AS VERBENAS (PEL.CONCELLOS OV) (RESOLUCIÓN de Presidencia 2022/32445 da Deputación Provincial do BOP núm 140 de 26 de xullo de 2022) derivada das BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERVENAS, INCLUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (BOP núm 102 de 31 de maio de 20229

INFORMO

PRIMEIRO.-Con data 24 de febreiro de 2023 publícase no BOP núm 38 o extracto da convocatoria AXUDAS AS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DAS FESTAS PATRONAIS E POPULARES NO CONCELLO DE VALDOVIÑO DURANTE O ANO 2022.

SEGUNDO : No prazo establecido na convocatoria, recibíronse un total de 4 solicitudes de subvención que corresponden a tres comisión de festas pois a comisión de festas de Valdoviño e a de Lago agruparon todas as súas festas nunha solicitude e a comisión de festas de Vilarrube realizou solicitudes separadas para cada unha delas, se ben trátase dunha comisión única. Son polo tanto tres comisión de festas solicitantes.

TERCERO.- Con data 20/03/2023 notificáronse os requerimientos para a subsanación das deficiencias detectadas.

CUARTO.- Coas solicitudes presentadas en tempo y forma, e una vez subsanadas as mesmas, procedeuse ao análise e valoración da documentación xustificativa.

Por todo isto sometese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO : Aprobar a concesión de subvencións ás comisións de festas que se indican no Anexo I e que cumpriron cos requisitos esixidos indicando o importe concedido a cada unha delas.

SEGUNDO : Atendendo ao punto 7 das bases da convocatoria “As subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 334.480.00 por importe total de 9.000,00 €, que se repartirán de forma a partes iguais entre todas as asociacións ou comisións de festas que cumpran os requisitos recollidos nas presentes bases .

TERCEIRO: Aprobar no Anexo II a relación de solicitudes non concedidas ou desestimadas.

Non ostante a competencia para dictar á presente resolución corresponde á Xunta de Goberno Local.

ANEXO I. Solicitudes concedidas

COMISIÓN	CONTÍA
Comisión de festas de LAGO	3.000,00 EUROS
Comisión de festas de VALDOVIÑO	3.000,00 EUROS
Comisión de festas de VILARRUBE	3.000,00 EUROS

ANEXO II. Solicitudes non concedidas ou desestimadas : Non hai

En Valdoviño a 4 de abril de 2023.
O Alcalde.
Alberto González Fernández”.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros), acordou a súa aprobación.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás once horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/